

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está redactada tendo en conta o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O IES Lamas de Castelo conta durante este curso con 67 alumnos/as e 17 docentes.

A materia de Proxecto Competencial de 1ºESO organízase nun único grupo de 3 alumnos/as e ten unha asignación de 1 sesión semanal (50 minutos), sendo impartida por Renée Huerta Latrille, xefa do departamento unipersonal de Lingua Francesa.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A busca de información pertinente: Biblioteca Escolar e Internet. A mención de fontes.	Nesta unidade ensinarase a buscar e moverse pola Biblioteca Escolar e a Internet, discriminando a información relevante da insustancial ou falsa. Ensinarase a mencionar as fontes da información, en papel ou dixitais.	35	12	X	X	X
2	O plan de traballo: elección de temáticas e aplicación real.	Nesta unidade, o alumnado debe reflexionar sobre a importancia da elección dun "bo" tema, montar un equipo de traballo e elaborar guións/ esquemas e organigramas de asignación de tarefas. Aplicación no "microproyecto-s" ou proxecto en marcha.	25	8	X	X	X
3	Realización de proxectos: combinación de medios físicos e dixitais e aplicación real.	Ensino e posta en práctica en documentos (de texto, presentacións de diapositivas, presentacións orais e/ ou audiovisuais...) relacionados co-s tema-s do "microproyecto-s" ou proxecto en marcha.	40	15	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A busca de información pertinente: Biblioteca Escolar e Internet. A mención de fontes.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar a utilidade dunha biblioteca física e confrontala aos usos de Internet como fonte de información.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais físicos da biblioteca e virtuais da Internet.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. Discriminar entre información fiable/ non fiable. Mencionar correctamente as fontes.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Organizar as distintas fases do proxecto, buscando optimizar o tempo dispoñible.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir, con ou sen axuda externa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O plan de traballo: elección de temáticas e aplicación real.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Selección dun "bo" tema: pertinente e realista	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar o material da consulta axeitado, da biblioteca ou da Internet.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Seleccionar información pertinente para o tema de traballo escollido.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Elaborar un guión, esquema ou organigrama con asignación de tarefas.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Amosar capacidade de decisión durante o desenrolo do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Buscar o cumprimento da planificación.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos previos útiles para levar a cabo o proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os mellores recursos e materiais posibles na execución do traballo.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver individualmente ou en colaboración cos compañeiros/as as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Realización de proxectos: combinación de medios físicos e dixitais e aplicación real.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Elixir abordar un traballo significativo de acordo coa súa importancia intrínseca.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Escoller o mellor material posible para realizar o traballo.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Atopar e seleccionar a mellor información posible para o traballo.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Calcular o tempo necesario para as diversas fases na elaboración do traballo.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Ter en conta os contras cos que se poden atopar no proceso.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Evitar as dispersións no traballo e facer o previsto.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Utilizar calquera coñecemento previo útil na elaboración do traballo.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Dinamizar o traballo de cara á entrega nos prazos previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver os problemas con ou sen colaboración allea.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Ter capacidade de autocrítica construtiva.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o traballo da maneira adecuada.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica adecuadas para o traballo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición, controlando as negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais ou físicos na elaboración e a presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A nosa metodoloxía será flexible e sobre todo variada, co alumno como protagonista da aprendizaxe. Por isto, o profesor servirá de guía e dinamizador das actividades e proxectos, axudando en caso de dúbidas ou motivando ao alumnado a través da súa opinión crítica pero construtiva.

A metodoloxía de traballo será tanto individual como grupal (pequeno grupo, dado o número do alumnado). Máis adiante, os alumnos poderanse especializar naquelas tarefas nas que máis destaquen (ben por afinidade, ben por capacidade, ou ambas), ás que dedicarán o seu traballo coa fin de axilizar o proceso.

O traballo nesta materia debe contribuír a afianzar e desenvolver as capacidades comprensivas e expresivas do alumnado, desenvolvendo as catro capacidades básicas: comprender / falar e ler / escribir. Polo cal, buscarase a coordinación con outras materias para tratar un currículo integrado, en contidos, terminoloxía... sobre todo á hora de elaborar os proxectos elixidos.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Biblioteca Escolar (fondos, ordenadores, conexión a Internet e proxector de vídeo con pantalla).
Ordenador persoal (Edixgal)

A Biblioteca Escolar ten unha moi boa distribución para o traballo grupal e é o noso centro de recursos, xa que é a aula de referencia. Nela, procuraremos utilizar a maior cantidade e variedade dos fondos alí dispoñibles: material de consulta en papel, xenérico (dicionarios e enciclopedias) ou específico (monográficos relacionados con cada materia); lecturas de todo tipo, a ser posible, en todas as linguas que están presentes nos fondos; revistas, material audiovisual... Tamén aproveitaremos as posibilidades da informática e da rede, utilizando os ordenadores e Internet como medio de adquirir, procesar e transmitir a información.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non procede unha avaliación "ao uso", con ítems, taboas de indicadores... Esta materia é aínda moi nova e non hai garantías de que haxa continuidade ou se teña cursado en Ed. Primaria; en Ed. Secundaria, e tampouco se pode avaliar dun xeito obxectivo as técnicas e métodos de traballo adquiridos en etapas anteriores, sendo o máis conveniente empezar o traballo dende cero.

Porén, durante as sesións previas á avaliación, anotaremos calquera observación pertinente e relevante a nivel de competencias previas que poida axudar a identificar dificultades concretas de aprendizaxe, coa fin de comunicalas na xunta de avaliación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	25	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación, a nota global de cada alumno obterase da media ponderada da cualificación obtida en cada un dos ítems tidos en conta durante a avaliación continua, a saber:

- Traballo individual (efectividade nas buscas de información, selección da información e presentación física da mesma) = 70% da nota global.
- Traballo en equipo (organización do traballo, distribución de roles, efectividade na realización e calidade no resultado final) = 30% da nota global.

A nota final ou global para cada alumno resultará da media ponderada das dúas notas anteriormente mencionadas. En caso de realizarse máis dun proxecto ou traballo por avaliación, para cada un deles haberá tamén unha nota ou cualificación do alumno, e farase media aritmética de todas elas para chegar a unha nota global, que será a da avaliación.

En todos os casos, considerarase que superará cada avaliación, e finalmente a materia na 3ª avaliación (ou no seu caso, a final) o alumnado que acade unha nota mínima de 5 sobre 10.

### Criterios de recuperación:

A recuperación dunha hipotética avaliación suspensa (casos extremos de negativa a facer o traballo individual asignado, ou a non colaboración no traballo en equipo) darase por superada sempre que na-s seguinte-s o traballo teña sido mellorado satisfactoriamente.

Recuperación na avaliación final de xuño: no caso extremo de ter suspendido a materia na 3ª avaliación, o alumnado que non a teña superada deberá investir o período de recuperación da materia na elaboración dun proxecto ou traballo individual, prestando especial atención á cantidade de información, bibliografía utilizada, presentación visual... que será entregado en formato dixital e/ ou físico (papel).



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación dunha hipotética pendente de cursos anteriores darase por superada sempre que neste curso o traballo teña sido mellorado satisfactoriamente.

Recuperación na avaliación final de xuño: no caso extremo de ter suspendido a materia na 3ª avaliación, o alumnado que non a teña superada deberá investir o período de recuperación da materia na elaboración dun proxecto ou traballo individual, prestando especial atención á cantidade de información, bibliografía utilizada, presentación visual... que será entregado en formato dixital e/ ou físico (papel).

### 6. Medidas de atención á diversidade

Farase un seguimento do alumnado durante todo o proceso do seu traballo, dende a planificación ata a publicación e será individualizado para unha mellor adquisición das destrezas necesarias, solucionando as dúbidas e incidencias que xurdan.

En caso de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas actividades específicas pensando en facilitar o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula, estando pendentes en todo momento do seu traballo así como da consecución das súas tarefas individuais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X		X
ET.2 - Competencia dixital e uso de tecnoloxías da información e da comunicación	X	X	X
ET.3 - Sentido crítico: discriminación de verdades e falsidades	X		X
ET.4 - Capacidade de autonomía e emprendemento: iniciativa, creatividade, traballo en equipo e sentido crítico	X	X	X
ET.5 - Conciencia ecolóxica e solidaria	X	X	X
ET.6 - Loita contra as desigualdades	X	X	X

#### Observacións:

Esta materia poderá tocar diversos temas transversais de interese para o alumnado tales como a igualdade de oportunidades, a educación medioambiental, a educación moral e cívica, para a paz, para o consumo... etc.

Os valores que máis peso terán nesta materia serán o da colaboración entre os alumnos mediante actitudes de respecto, solidariedade e fomento dunha boa convivencia entre eles e a eliminación da discriminación por razón da orientación sexual, identidade de xénero ou outras diferencias.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración de materiais de exposición e/ ou boletíns de recomendacións	Difusión dos fondos da Biblioteca Escolar mediante boletíns de recomendacións e materiais para exposicións para mostrar no centro.	X	X	X
Participación en apadriñamentos lectores	Realización dalgún apadriñamento lector con alumnado con NEAE ou na E.I. A Galiña Azul de Carnota.	X	X	X
Participación nas Xornadas Culturais do centro	Exposición de proxectos.			X

### Observacións:

Colaboraremos na organización, realización e publicidade das actividades do centro (Día das Escritoras, Novembro de medo, Novembro mes da ciencia en galego, 25N, 11F, 8M, Día de Rosalía, Día do Libro Letras Galegas...) confeccionando carteis ou murais, preparando exposicións temáticas, participando nos recitais, etc. e integrándoas na materia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade das actividades ás capacidades do alumnado
Porcentaxe de aprobados
Metodoloxía empregada
Realización de actividades diversas
Tratamento de temas transversais
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Uso e aproveitamento das TIC
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cumprimento do proxecto lector e colaboración con outras materias ou departamentos

### Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación desta programación basearase na observación da fluidez do traballo diario que que realice o alumnado durante o tempo da clase, constatando se se traballan todas as competencias básicas mencionadas nesta programación, e se se acada o mínimo esixible de dous traballos individuais e un traballo en equipo finalizados por avaliación, tendo especial coidado de ter en conta as diferenzas entre os temas que resultan fáciles de tratar, ou aqueles que necesitan dunha maior dedicación en canto a esforzo e tempo.

## 9. Outros apartados

### 1. Accións de contribución ao proxecto lector

- Dedicar un mínimo de 30-40 minutos por sesión á lectura e comprensión de textos, que serán sobre todo de tipo informativo (científicos, xornalísticos, gráficas, esquemas...) expositivo e argumentativo; lectura de diferentes formatos textuais: narrativa, de imaxes;
- Velar polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia.
- Usar os fondos da BE como recurso de aula e para préstamo persoal; diversificación e mellora dos fondos informativos do departamento con adquisición de novos títulos de ensaio e divulgación cultural, científica e histórica;
- Participar en todas as actividades organizadas pola BE que fomenten a lectura e a difusión informativa.
- Colaborar con outros departamentos na realización de posibles traballos interdisciplinares.

### 2. Accións de contribución ao plan dixital

- Utilizar na aula (BE) as TIC para ampliar coñecementos e mellorar o rendemento do traballo do alumnado, mediante o uso de Internet (busca de información, utilización de dicionarios e outras axudas gramaticais e de vocabulario na Internet), así como o uso doutras aplicacións informáticas (editores de texto, presentacións de diapositivas, programas de gravación e edición de imaxe, video ou son...) e a AV ou Edixgal, aprendendo a utilizalas, ou mellorando o seu coñecemento.
- Actualizar a páxina web do departamento, dentro da páxina web do instituto.
- Elaborar e colgar materiais para nas aulas virtuais para o traballo e mellora das competencias dixitais do alumnado.
- Elaborar alomenos un artigo para a publicación na revista dixital do instituto.

### 3. Accións de contribución ao plan de convivencia

A contribución ao Plan de Convivencia do PEC, basearase no traballo diario na aula co respecto ás persoas, fomentando a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre todos, valorando e afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre as persoas como principais valores de conduta, fomentando a resolución pacífica e dialogada dos conflitos que puideran xurdir. Manterase unha clase motivada e atenta, prestando especial atención ao coñecemento das NOF e a atención ao alumnado con NEAE. Utilizaremos a observación diaria das condutas dos alumnos e manteremos informados ao departamento de orientación, á xefatura de estudos e ás familias empregando como medios Abalar e titorías telefónicas ou presenciais.